



## **BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DOS PREMIOS DO CONCURSO DO DESFILE DE ENTROIDO 2026 EN SAN CIPRIÁN DO CONCELLO DE CERVO.**

O Concello de Cervo, consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante, LXS), Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e ao obxecto de dar difusión e incentivar a participación cidadá nos actos programados para o martes de Entroido, establece as normas reguladoras da participación, as axudas económicas e dos premios que se outorgarán mediante concorrencia competitiva aos participantes que interveñan nos citados actos, de acordo coas seguintes bases:

### **PRIMEIRA.- DEFINICIÓN DO OBXECTO**

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do Concurso de disfraces do desfile de Entroido 2026 en San Ciprián organizado polo Concello de Cervo.

### **SEGUNDA.- REQUISITOS DOS PARTICIPANTES**

Poderá participar no concurso e ser beneficiario destas axudas calquera persoa ou grupo de persoas representadas por un dos integrantes do grupo debidamente autorizado.

A organización, se así o considerase preciso por cuestións que afectasen á calidade do concurso como pode ser un exceso de participantes, pode establecer un límite ao número de inscricións, pechando a mesma cando o considerase oportuno.

Aquelas comparsas nas que participen persoas que, por idade, poidan pertencer a diferentes categorías, deberán escoller no momento da inscrición, a categoría que corresponda segundo a idade da maioría dos seus integrantes.

A documentación a presentar será a seguinte:

- Ficha de inscrición establecida ao efecto.
- Copia do N.I.F. do concursante ou do seu titor legal, para o caso de menores de idade.
- Declaración responsable de estar ao corrente nas obrigas tributarias fronte á Facenda Estatal e Autonómica así como fronte á Tesourería da Seguridade Social e ao Concello de Cervo, tamén de non solicitar ou obter calquera tipo de axuda pública para a mesma finalidade así como de non atoparse inhabilitado nin incurso en algunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 13 da lei 38/2023, do 17 de novembro, para obter a condición de beneficiario da subvención.

A inscrición terá lugar na Casa da Cultura en San Ciprián. O prazo normal para inscribirse no Concurso remata o día 16 de febreiro de 2026 ás 14:00 horas. Tamén poderá realizarse a inscrición o mesmo día do concurso ata 1 hora antes do comezo do mesmo, ante os traballadores do Concello que participen en tal condición na organización do acto.





A restante documentación poderá presentarse de xeito simultáneo á ficha de inscrición ou, en todo caso, con carácter previo ao acordo de concesión dos premios. Serán rexeitados aqueles participantes que aínda constando como beneficiario dun premio na acta asinada polo xurado do concurso, non entreguen a documentación que se recolle neste artigo antes do acordo de concesión.

## TERCEIRA.- NORMAS DO DESFILE

Iniciarase na Praza dos Campos e percorrerá as rúas de San Ciprián rematando novamente na antedita Praza.

Para participar no concurso será necesario cumprir as seguintes normas:

-Ter colocado en todo momento nun lugar visible o dorsal que será facilitado polo organización do desfile ao comezo do mesmo, de non ser así non serán puntuados no concurso.

-Seguir as instrucións da organización e gardar o orden de saída durante todo o desfile deixando unha distancia prudente entre participantes.

-Será de competencia do xurado valorar a impuntualidade dos participantes, o retraso poderá ser causa de descualificación.

-Se os participantes se acompañan de calquera tipo de artiluxio, artefacto, instalación ou estrutura (plataforma, carroza, etc...) deberán velar en todo momento pola seguridade daqueles e do público asistente, quedando prohibida a utilización de calquera material pirotécnico.

-Cada un dos participantes será responsable dos posibles danos causados a terceiras persoas ou bens.

-Non se poderá dividir unha comparsa en dúas se levan o mesmo disfrace ou se fan referencia ao mesmo carácter. Nese caso, a organización acordará a descalificación.

-Está permitido levar animais ao desfile sempre que non representen un perigo para o resto dos participantes e o público asistente, non estando non obstante permitido o seu maltrato podendo ser esta actuación causa de expulsión do concurso e consecuente descalificación.

-Non se permiten representacións de carácter obsceno que poidan ferir a sensibilidade dos espectadores, moitos deles nenos.

-É imprescindible ir ataviados co disfraz no momento da entrega de premios, que se efectuará ao remate do desfile.

A organización reservase o dereito de efectuar calquera modificación no percorrido ou suspender o desfile por causas de forza maior como inclemencias climatolóxicas ou doutra índole que impidan o normal desenvolvemento do mesmo.

## CUARTA.- COMPOSICIÓN E FUNCIONS DO XURADO

O órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se base e a proposta de resolución, será o concelleiro delegado de Deportes e Turismo. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión Avaliadora formulará a proposta de resolución provisional, na que expresará o cumprimento dos requisitos e a relación nominal dous premiados por orde decrecente e por categorías.





A Comisión Avaliadora, que actuará como Xurado, estará composta polo concelleiro delegado de Innovación, Emprendemento e Zona Rural, así como por un mínimo de 2 membros que actuarán como vocais, representantes dos seguintes concellos veciños:

- Concello de Xove
- Concello de Lourenzá
- Concello de O Vicedo

Un traballador do Concello actuará de secretario da Comisión Avaliadora aos efectos de redactar e subscribir a acta. Para a válida constitución do mesmo será necesario que concorra no mesmo o Presidente, o secretario/a e polo menos 2 vocais. No caso de que non concorran ou non se nombren representantes para este evento polos Concellos invitados, actuarán traballadores municipais como membros da Comisión Avaliadora. A Comisión Avaliadora levantará ata das súas deliberacións e elevará a proposta de concesión á alcaldesa a través do órgano instrutor na que se concretará individualmente para cada beneficiario/a o cumprimento dos requisitos e o premio proposto.

O órgano competente para a concesión das axudas será a alcaldesa, previo informe da Intervención municipal. O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte.

Os membros o tribunal actuarán libremente, por decisión propia e sen intermediación de terceiros. A súa función será a de puntuar a cada un dos participantes no concurso para a posterior entrega dos premios atendendo á orixinalidade da idea, a elaboración do disfraz e a posta en escea.

A decisión do xurado é inapelable. O xurado, se o estimase oportuno, poderá propoñer que se declaren premios desertos ou nese caso se así o acordasen conceder accésits aos participantes baixo o concepto de "PREMIO ESPECIAL" dentro das diferentes categorías e non rebasando en ningún caso o importe máximo da cuantía pola que están dotados os distintos premios en ditas categorías que resultasen desertas con independencia do número de premiados dentro de cada unha delas.

## QUINTA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

Entón e de acordo ao anterior a contía máxima destinada aos presentes premios é de 2.397,28 € (partida 337/4893001 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal). A contía máxima dos premios establécese en 250,00 € líquidos.

## SEXTA.- PREMIOS

Para a puntuación dos participantes nas distintas categorías á hora de outorgar os premios, o xurado atenderá fundamentalmente a tres aspectos; a orixinalidade da idea, a elaboración do disfraz e a posta en escea.

O valor dos premios líquidos outorgados a cada categoría será o seguinte;





INDIVIDUAL	ADULTO	1º PREMIO	40,00 €
		2º PREMIO	20,00 €
	INFANTIL	1º PREMIO	40,00 €
		2º PREMIO	20,00 €
PARELLAS	ADULTO	1º PREMIO	70,00 €
		2º PREMIO	35,00 €
	INFANTIL	1º PREMIO	70,00 €
		2º PREMIO	35,00 €
GRUPOS (3-8 PERSOAS)	INFANTIL	1º PREMIO	120,00 €
		2º PREMIO	90,00 €
		3º PREMIO	60,00 €
	ADULTOS	1º PREMIO	120,00 €
		2º PREMIO	90,00 €
		3º PREMIO	60,00 €
GRUPOS XUVENIL (MÁIS DE 3 COMPOÑENTES 12-18 ANOS)		1º PREMIO	200,00 €
		2º PREMIO	120,00 €
		3º PREMIO	70,00 €
COMPARSAS	INFANTIL	1º PREMIO	250,00 €
		2º PREMIO	170,00 €
		3º PREMIO	90,00 €
	ADULTOS	1º PREMIO	250,00 €
		2º PREMIO	170,00 €
		3º PREMIO	90,00 €

A contía dos premios anteriores é líquida. De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, están suxeitos a retención os premios de contía superior a 300,00 €. A porcentaxe de retención regulada no artigo 101.7 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, será de 19%.

De acordo co anterior, a contía bruta dos primeiros premios da categoría de comparsas de adultos e infantil será de 308,64 euros. Para o resto dos premios non existe a obriga de practicar retención por ser inferiores a 300,00 €.

## SÉTIMA.- ENTREGA DE PREMIOS

Unha vez rematado o desfile, o xurado levantará acta na que consten os premiados por orde decrecente e por categorías.

No caso de que os grupos ou participantes individuais sexan menores de idade poderán recoller o premio familiares ou amigos debidamente autorizados.

Os premiados que non estean presentes no momento da entrega dos premios, perderán o dereito a recibilo e quedarán automaticamente descalificados.

Os premios outorgados serán ingresados por transferencia bancaria previa presentación polos premiados da certificación bancaria de titularidade da conta onde





desexan que se lles realice o mesmo (da que deberán ser titulares). No caso de menores, o pago será realizado ao seu titor ou representante legal.

## OITAVA.- PUBLICIDADE

O extracto desta convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia e na Base Nacional de Subvencións.

As bases reguladoras da convocatoria publicaranse no taboeiro de anuncios do Concello, na páxina web do concello ([www.concellodecervo.com](http://www.concellodecervo.com)), e estarán a disposición dos interesados no Rexistro Xeral do Concello de Cervo, Praza do Concello s/n, Cervo.

## NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A presentación da ficha de inscrición supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

## DÉCIMA.- INFORMACIÓN AOS BENEFICIARIOS DOS PREMIOS

Con carácter xeral, os premios están incluídos no ámbito de aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que o Concello de Cervo é un órgano obrigado a facilitar información da concesión dos presentes premios á Base de Datos Nacional de Subvencións. Igualmente, con carácter xeral, non obstante o establecido na Base Quinta (non existe obriga de practicar retención por ser inferiores a 300,00 €), os premios están suxeitos ao IRPF segundo o establecido no artigo 75.2 do RD 439/2007, de 30 de marzo, sendo a Axencia Estatal da Administración Tributaria un dos órganos cesionarios dos datos rexistrados na Base de Datos Nacional de Subvencións en virtude da colaboración coa Administración Tributaria que establece o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Non obstante, e de acordo co establecido no artigo 4 do RD 130/2019, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións demáis axudas públicas, non será obrigado subministrar por parte do Concello información das resolucións de concesión dos premios nin do pago dos mesmos sempre e cando o importe anual outorgado a un mesmo beneficiario non supere a contía total de 100,00 €.

A alcaldesa  
M<sup>a</sup> Dolores García Caramés.

*Documento asinado electronicamente á marxe*

